

EMENDAS PRESENTADAS ÁS PNP E MOC PARA O PLENO DO 29/04/2019

1. Mocións.....	3
1.2 10/MOC-000139 (0049122).....	3
(0049122) Entrada da iniciativa.....	4
(0049466) Emendas dos grupos parlamentarios	6
2. Propositions non de lei ante o pleno.....	8
2.1 10/PNP-001067 (0011763).....	8
(0011763) Entrada da iniciativa.....	9
(0049452) Emendas dos Grupos Parlamentarios	12
(0049462) Emendas dos Grupos Parlamentarios	14
2.2 10/PNP-003282 (0044048).....	15
(0044048) Entrada da iniciativa.....	16
(0049451) Emendas dos Grupos Parlamentarios	18
2.3 10/PNP-003314 (0044420).....	20
(0044420) Entrada da iniciativa.....	21
(0049468) Emendas dos Grupos Parlamentarios	26
2.5 10/PNP-003668 (0048556).....	28
(0048556) Entrada da iniciativa.....	29
(0049453) Emendas dos Grupos Parlamentarios	34
(0049459) Emendas dos Grupos Parlamentarios	36
2.6 10/PNP-003698 (0048944).....	38
(0048944) Entrada da iniciativa.....	39
(0049464) Emendas dos Grupos Parlamentarios	44
2.7 10/PNP-003699 (0048955).....	45
(0048955) Entrada da iniciativa.....	46
(0049461) Emendas dos Grupos Parlamentarios	49
2.8 10/PNP-003716 (0049151).....	50
(0049151) Entrada da iniciativa.....	51
(0049460) Emendas dos Grupos Parlamentarios	55
(0049467) Emendas dos Grupos Parlamentarios	56

1. MOCIÓN.

1.2 10/MOC-000139 (0049122)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Noela Blanco Rodríguez

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acceso e planificación da educación infantil de 0 a 3 anos. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 29767, publicada no BOPG nº 299, do 03.05.2018, e debatida na sesión plenaria do 09.04.2019)

(0049122) Entrada da iniciativa



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2019 13:06:52
Nº Rexistro: 49122
Data envío: 12/04/2019 13:06:52.019

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada, **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada os días 9 e 10 de abril de 2019, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa creación de escolas públicas infantís de 0 a 3 anos nos polígonos industriais e parques empresariais (10/INT-000977, doc. núm. 29769)

Moción

1. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a colaborar co Goberno de España na elaboración e posta en marcha, dun plan para a universalización da educación infantil de 0 a 3 anos, avanzando paulatinamente cara a gratuidade nesta etapa escolar, que en todo caso comezará e priorizará ás familias de contornas sociais, económicas e culturais máis vulnerables; co obxectivo de que no horizonte do ano 2025, un 50 % das e dos menores de tres anos estean atendidos en centros escolares que pertencen a unha rede de recursos pública e gratuíta.
2. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a, durante a X lexislatura, e garantindo en todo caso as condicións de accesibilidade universal, e a axeitada planificación no territorio:
 - a) Incrementar o número de prazas públicas en escolas infantís ata niveis en que se elimine a lista de espera en centros públicos, e non sexa preciso incrementar os concertos con entidades privadas.
 - b) Garantir a partir do curso 2019-2020, que durante a época de vacacións escolares se cubrirá o total da demanda existente de prazas en escolas infantís públicas.
 - c) Diminuír os prezos das escolas infantís públicas, garantindo a gratuidade do prezo por praza, así como dos servizos de comedor e das horas precisas a maiores de atención ás nenas e nenos, a lo menos para todas familias con ingresos inferiores aos 15.000 euros anuais.
 - d) Elaborar, en consenso cos concellos e axentes sociais, un plan de escolas infantís públicas de 0 a 3 anos en polígonos industriais e parques empresariais, así como na proximidade das grandes empresas.
 - e) Elaborar, en consenso cos concellos e axentes sociais, un plan de escolas

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2019 13:06:52
Nº Rexistro: 49122
Data envío: 12/04/2019 13:06:52.019

infantís na contorna dos centros de traballo da Xunta de Galicia, accesible para todo o persoal que desenvolva a súa xornada laboral en centros dependentes da Xunta de Galicia.

Pazo do Parlamento, 12 de abril de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 12/04/2019 12:43:39

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/04/2019 12:43:44



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

(0049466) Emendas dos grupos parlamentarios



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2019 10:02:02
Nº Rexistro: 49466
Data envío: 29/04/2019 10:02:02.105

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Moción**, doc. núm. **49122 [10/MOC-000139]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acceso e planificación da educación infantil de 0 a 3 anos. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 29767, publicada no BOPG nº 299, do 03.05.2018, e debatida na sesión plenaria do 09.04.2019), incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 29 de abril de 2019.

Emenda de substitución

Substituír o texto da moción polo seguinte:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego :

1.- Elaborar, dotar economicamente e poñer en marcha un plan para, na presenta lexislatura, poder ofertar o número de prazas públicas gratuítas de escolas infantís que cubra de xeito equitativo e garantindo a equidade, a demanda existente en todo o territorio galego.

2.- Considerar o tramo de 0-3 anos como etapa de educación infantil, e integrala no ámbito da consellaría competente en materia de educación.





REGISTRO
15702 GALICIA
9421000

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2019 10:02:02
Nº Rexistro: 49466
Data envío: 29/04/2019 10:02:02.105

3.- Cumprir neste tramo educativo o Plan Xeral de Normalización da
Língua Galega de 2004 .”

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2019

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/04/2019 10:00:28

Ana Pontón Mondelo na data 29/04/2019 10:00:33

CSV: REXISTROSv4/PBwN2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



2. PROPOSICIÓNS NON DE LEI ANTE O PLENO.

2.1 10/PNP-001067 (0011763)

Grupo Parlamentario de En Marea - Carmen Santos Queiruga

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa cota de reserva establecida no artigo 42 do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social

(0011763) Entrada da iniciativa



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga** e do seu deputado **Juan José Merlo Lorenzo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, relativa á situación laboral das persoas con diversidade funcional.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo datos do Instituto Galego de Estatística, máis dun 8% da poboación galega presentou unha discapacidade igual ou superior ó 33% durante o ano pasado. Falamos por tanto, dunha porcentaxe de poboación moi importante e que necesita o apoio das administracións públicas para favorecer a súa inclusión no mercado laboral.

O artigo 42 do Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, indica que será necesario para aquelas empresas de máis de 50 traballadores, tanto públicas como privadas, reservar polo menos 2 de cada 100 postos para persoas de diversidade funcional. A situación hoxe en día é moi distinta á que di a lei, xa que estudos recentes indican que esta norma non é cumprida polo 80% das empresas españolas. Dende En Marea só queremos que se defenda a normativa legal vixente e que se loite polo cumprimento da cota de reservas para persoas con discapacidade, tanto no sector público como no privado.

A administración pública autonómica, no seu afán por mellorar na integración deste sector, debe conseguir que a taxa de traballadores con diversidade funcional na Xunta de Galicia, chegue como mínimo ao 2%. Ademais, a Xunta de Galicia non debe permitir que aquelas empresas que incumpren coa normativa



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2017 12:49
Nº Rexistro: 11763
Data envío: 06/07/2017 12:49:05.247



da reserva de cotas, poidan conseguir contratos coa Xunta ou que non teña acceso a subvencións ou outros beneficios fiscais.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de en Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Defender o cumprimento da cota de reserva establecida no art. 42 del Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
2. Que sexa imprescindible acreditar o cumprimento da cota de reserva ou das medidas alternativas no seu caso para acceder a contratos públicos, subvencións ou beneficios fiscais coa base no establecido no marco legal vixente.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Juan José Merlo Lorenzo

Voceira S. e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2017 12:49
Nº Rexistro: 11763
Data envío: 06/07/2017 12:49:05.247



Carmen Santos Queiruga na data 06/07/2017 12:47:21

Juan José Merlo Lorenzo na data 06/07/2017 12:47:30

(0049452) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da deputada **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en **Pleno** do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa cota de reserva establecida no artigo 42 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social (10/PNP-001067, doc. núm. 11763)

Emenda de modificación

Débese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactada co seguinte contido:

“A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Dar conta semestralmente na Cámara galega do seguimento e avaliación da Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020, así como do grao de consecución dos obxectivos previstos en base aos informes que se elaboren ao respecto.
2. Poñer en marcha unha campaña para fomentar a sensibilización e o coñecemento da lexislación vixente en materia de integración das persoas con discapacidade na empresa privada.
3. Garantir o cumprimento do disposto no artigo 42 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, en todos os centros de traballo da Administración pública galega.
4. Establecer novas medidas específicas de apoio ao emprego de persoas con discapacidade nos pregos de contratación de bens e/ou servizos da Administración pública galega.

B) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España a:

1. Reforzar as actuacións da Inspección do Traballo na vixilancia do cumprimento da cota de reserva de emprego para persoas con discapacidade, segundo o establecido no artigo 42 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2019 13:42:16
Nº Rexistro: 49452
Data envío: 26/04/2019 13:42:16.120

novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

2. Promover unha reforma da lexislación para seguir mantendo a prestación familiar por fillo con discapacidade a cargo, no caso de que este teña uns ingresos anuais procedentes de rendementos do traballo por enriba do 100 por cento do SMI.”

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 26/04/2019 13:23:38

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/04/2019 13:23:44

CSV: REXISTRON7WF7LE3R8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



(0049462) Emendas dos Grupos Parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2019 17:21:04
Nº Rexistro: 49462
Data envío: 26/04/2019 17:21:04.234

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada **Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Pleno** do Grupo Parlamentario de En Marea, **10/PNP-001067 (11763)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa cota de reserva establecida no artigo 42 do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

Emenda de substitución

Débase substituír o texto do punto 2 da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“2. Garantir o cumprimento da lexislación en materia de contratos en relación ao cumprimento da cota de reserva ou das medidas alternativas para acceder a contratos públicos do sector público autonómico, así como introducir cláusulas sociais na contratación pública que incentiven ás empresas que implanten medidas para o impulso da inserción laboral de persoas con discapacidade, entre outras”.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/04/2019 17:20:29

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 26/04/2019 17:20:44

CSV: REXISTROKUR-HdL:9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramos/csv/



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

2.2 10/PNP-003282 (0044048)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Raúl Fernández Fernández

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - José Manuel Pérez Seco

Sobre a modernización das estruturas produtivas agrarias e gandeiras coa finalidade de medir a consecución do obxectivo do aumento do peso das e dos produtores agrarios e gandeiros na cadea de valor, especialmente para as e os produtores do leite

(0044048) Entrada da iniciativa



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados **Raúl Fernández Fernández e José Manuel Pérez Seco**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Galicia amosa un recoñecido escenario de debilidade nun amplo espazo territorial da Comunidade Autónoma, a pesares das recoñecidas fortalezas das que dispón nese mesmo ámbito. O chamado medio rural avanza na despoboación e abandono das terras, identificándose, cada día máis, coa desertización. O desequilibrio entre o rural e o urbano é manifesto:

- No urbano vive o 75-80 % da poboación ocupando ó 20-30 % do territorio.
- No rural vive o 20-25 % da poboación ocupando o 70-80 % do territorio.

Este desequilibrio limita, e mesmo reduce, o desenvolvemento global de Galicia en termos económicos, sociais, naturais, de emprego, medioambientais, etc...

É preciso, polo tanto, atallar esa dinámica negativa de despoboamento con políticas activas, claras, efectivas e avaliáveis que promovan o aumento do peso das e dos produtores agrarios e gandeiros na cadea de valor, especialmente par os e as produtoras do leite.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a apostar pola modernización das estruturas produtivas agrarias e gandeiras, cun seguimento público e verificable no relativo aos seus resultados anuais, coa finalidade de medir a consecución do obxectivo do aumento do peso das e dos produtores agrarios e gandeiros na cadea de valor, especialmente para os e as produtoras do leite.

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2019

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2019 17:50:21
Nº Rexistro: 44048
Data envío: 17/01/2019 17:50:21.988

Asinado dixitalmente por:

Raúl Fernández Fernández na data 17/01/2019 17:33:35

Jóse Manuel Pérez Seco na data 17/01/2019 17:33:41

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/01/2019 17:33:46



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

(0049451) Emendas dos Grupos Parlamentarios



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2019 13:27:53
Nº Rexistro: 49451
Data envío: 26/04/2019 13:27:53.169

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **44048 [10/PNP-003282]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre a modernización das estruturas produtivas agrarias e gandeiras coa finalidade de medir a consecución do obxectivo do aumento do peso das e dos produtores agrarios e gandeiros na cadea de valor, especialmente para as e os produtores do leite, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 29 de abril de 2019.

Emenda de modificación

Proponse modificar a parte resolutiva que quedaría redactada así:

...apostar pola modernización das estruturas produtivas agrarias e gandeiras dotándoas de base territorial, incorporando xente moza a novas unidades produtivas ben dimensionadas, cun seguimento público...”

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





REXISTRO
REXISTRO XERAL
ENTRADA
Nº 49451

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2019 13:27:53
Nº Rexistro: 49451
Data envío: 26/04/2019 13:27:53.169

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/04/2019 10:49:37

Ana Pontón Mondelo na data 26/04/2019 10:49:43

CSV: REXISTROXERAL
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



2.3 10/PNP-003314 (0044420)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Abel Fermín Losada Álvarez

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos parques empresariais de Galicia

(0044420) Entrada da iniciativa



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

No Diario Oficial de Galicia do 10 de xaneiro de 2019 a Consellería de Economía, Emprego e Industria publicou a Orde do 17 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2019; cunha dotación orzamentaria de 4.050.541 €, podendo achegar ata o 80 % do importe total subvencionable cun máximo de 120.000 € para as solicitudes individuais e de 138.000,00 para as solicitudes conxuntas.

O obxecto desta subvención, segundo se establece na propia exposición de motivos e no artigo 1, é a mellora dos servizos e o acondicionamento de infraestruturas existentes ou de nova incorporación co fin de que as empresas radicadas nos parques empresariais de Galicia poidan dispoñer de condicións máis competitivas para desenvolver a súa actividade económica.

Os criterios de valoración, retallados no artigo 13, son:

- “1. Superficie do parque empresarial:*
- *Ata 500.000 m2 (10 puntos).*
 - *Máis de 500.000 m2 (7 puntos).*
- 2. Nivel de ocupación do parque empresarial:*
- *Ata 300 empresas (10 puntos).*
 - *Máis de 300 empresas (7 puntos).*
- 3. Poboación do concello en que se atopa o parque empresarial:*
- *Menos de 10.000 habitantes (6 puntos).*
 - *Entre 10.000 e 20.000 habitantes (4 puntos).*
 - *Máis de 20.000 habitantes (2 puntos).*





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2019 16:42:16
Nº Rexistro: 44420
Data envío: 23/01/2019 16:42:16.643

No suposto de que a solicitude de axuda sexa efectuada por unha agrupación de concellos baixo calquera fórmula, agás a de fusión municipal, computarase aquel que obteña máis puntuación individualmente.

4. En cada tipoloxía de investimento valorarase o menor custo subvencionable con relación aos custos subvencionables das solicitudes admitidas para a súa valoración; a devandita asignación farase de xeito proporcional (máximo 6 puntos).

5. Para cada tipoloxía puntuaranse de xeito proporcional, entre as solicitudes admitidas a valoración, os seguintes parámetros:
 Tipoloxía a):

a.1) Incremento da capacidade anual de tratamento de auga respecto da situación actual, como consecuencia das actuacións propostas (en m3) (máximo 10 puntos).

a.2) Incremento do caudal anual que se poderá derivar á depuradora municipal respecto da situación actual, como consecuencia das actuacións propostas (en m3) (máximo 10 puntos).

Tipoloxía b). Incremento do número de toneladas de residuos anuais que se poderán xestionar respecto da situación actual, como consecuencia das actuacións propostas (máximo 10 puntos).

Tipoloxía c). Lonxitude do tramo da vía en metros lineais (máximo 10 puntos). Este punto acreditarase mediante planos cotados que evidencien a lonxitude indicada en metros.

Tipoloxía d). Número de empresas directamente afectadas pola infraestrutura de vixilancia proposta (máximo 5 puntos). Número de denuncias por roubos e/ou vandalismo no polígono no ano 2018 (máximo 5 puntos). Este punto acreditarase mediante informe da policía local, garda civil ou polo concelleiro responsable da seguridade no concello.

Tipoloxía e). Número de establecementos de risco intrínseco medio e alto dentro do parque empresarial, segundo se definen no Real decreto 2267/2004, do 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais. Cada establecemento de risco intrínseco alto contará como cinco (5) establecementos de risco medio (máximo 10 puntos).

CSV: REXISTROGF949mmZ-6
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
 Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 23/01/2019 16:42:16
Nº Rexistro: 44420
 Data envío: 23/01/2019 16:42:16.643

Tipoloxía f). Número de denuncias por roubo de cable no polígono no ano 2018 (máximo 10 puntos). Este punto acreditarase mediante informe da policía local, garda civil ou polo concelleiro responsable da seguridade no concello.

6. Agrupación de concellos baixo calquera fórmula agás a de fusión municipal (13,5 puntos máximo):

6.1. Por presentación conxunta: 4,5 puntos.

6.2. De acordo cos seguintes parámetros (máximo 4,5 puntos):

6.2.a) Número de municipios solicitantes de forma conxunta:

– Máis de dous municipios: 1,5 puntos.

– Dous municipios: 0,5 puntos.

6.2.b) Repercusión do proxecto a través da cifra de poboación total dos concellos participantes no proxecto:

– Máis de 5.000 habitantes: 1,5 puntos.

– Ata 5.000 habitantes: 0,5 puntos.

6.2.c) Número de servizos que se van prestar de forma compartida:

– Dous ou máis servizos: 1,5 puntos.

– Menos de dous servizos: 0 puntos.

6.3. Aforro de custos respecto da prestación de modo individual: 4,5 puntos.

Para a súa valoración, será preciso a achega dunha memoria xustificativa do aforro de custos obtido.

7. Concello constituído como consecuencia dunha fusión municipal: 13,5 puntos.

8. Concello acollido á iniciativa «Concellos Doing Business Galicia» con anterioridade ao remate do prazo de presentación de solicitudes: 21 puntos.

No caso de agrupación de concellos, asignaranse os 21 puntos se todos os concellos da agrupación están acollidos á iniciativa «Concellos Doing Business Galicia». En caso contrario, asignarase unha puntuación proporcional ao

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
 Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: REXISTROGF949mmZ6
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2019 16:42:16
Nº Rexistro: 44420
Data envío: 23/01/2019 16:42:16.643

número de concellos da agrupación que estean acollidos á iniciativa «Concellos Doing Business Galicia».

No caso de empates na puntuación, terán preferencia os proxectos presentados segundo a seguinte orde: concellos constituídos como consecuencia dunha fusión municipal, agrupación de concellos baixo calquera fórmula agás a de fusión municipal e concellos de menor número de habitantes.

No caso de empate na puntuación entre proxectos dun mesmo concello, terá preferencia o proxecto de menor custo subvencionable.

Avaliaranse, coa mínima puntuación, aquelas epígrafes que non queden xustificadas adecuadamente coa documentación presentada.”

Á vista destes datos o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que:

1º) Elabore un estudo sobre o número de empresas asentadas nos parques empresariais dos concellos acollidos á iniciativa «*Concellos Doing Business Galicia*» desde a súa implantación.

2º) Elabore un estudo sobre as vantaxes acadadas polas empresas asentadas nos parques empresariais acollidos á iniciativa «*Concellos Doing Business Galicia*», desde a súa aplicación.

3º) Elabore un estudo, antes do remate do actual período de sesións, sobre as necesidades de todos os parques empresariais galegos co obxecto de elaborar un “Plan de mellora a cinco anos”, co obxecto de mellorar os servizos e acondicionar as infraestruturas existentes ou de nova incorporación co fin de que as empresas radicadas nos parques empresariais de Galicia poidan dispoñer de condicións máis competitivas para desenvolver a súa actividade económica.

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2019

CSV: REXISTROGF949mmZ6
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
 Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2019 16:42:16
Nº Rexistro: 44420
Data envío: 23/01/2019 16:42:16.643

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2019 16:37:15

Abel Fermín Losada Álvarez na data 23/01/2019 16:37:23

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/01/2019 16:37:32

CSV: REXISTROGF949mmz6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

(0049468) Emendas dos Grupos Parlamentarios



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2019 10:02:21
Nº Rexistro: 49468
Data envío: 29/04/2019 10:02:21.793

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **44420 [10/PNP-003314]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos parques empresariais de Galicia, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 29 de abril de 2019.

Emenda de adición

Engadir un novo punto que pasaría a ser o 4º co seguinte texto:

“4º) Adquira o compromiso de elaborar anualmente un informe sobre a aplicación da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galiza no que avalíe todos os seus títulos, sexa incluída a información económica e sexa remitido á cámara para o seu tratamento e formulación de resolucións.”


Santiago de Compostela, 29 de abril de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





REGISTRO
R01370AN41712
04/2019

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2019 10:02:21
Nº Rexistro: 49468
Data envío: 29/04/2019 10:02:21.793

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 29/04/2019 09:54:52

Ana Pontón Mondelo na data 29/04/2019 09:55:00

CSV: REXISTROn49468Z66
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



2.5 10/PNP-003668 (0048556)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posible deslocalización da empresa Unitono en Ourense, que presta servizos para Naturgy

(0048556) Entrada da iniciativa



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 48556
Data envío: 02/04/2019 18:46:01.653

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luís Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luís Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ás ameazas de deslocalización da empresa Unitono en Ourense que fornece servizos para Naturgy e ás actuacións que debe impulsar o goberno galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado dous de abril de 2019 o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento de que as sospeitas dunha futura deslocalización que o Comité de Empresa levaba tempo advertindo tiñan cada vez meirandes indicios. Polo tanto, é necesario e urxente que o Parlamento Galego e as forzas políticas e institucións galegas se comprometan a prol do mantemento dos postos de traballo en Ourense.

Cómpre recordar que Unitono Contact Center é unha empresa situada no Parque Tecnolóxico de Ourense, no Polígono de San Cibrao. Aínda que na actualidade o volume de traballadores e traballadoras é de 131, o cadro de persoal chegou a elevarse até 250 noutros momentos.

Esta plataforma da empresa Unitono presta os seus servizos de forma exclusiva para a empresa eléctrica Gas Natural Fenosa, coñecida como Naturgy a partir de xuño de 2018, e fundamentalmente para clientes de enerxía eléctrica do mercado regulado. Desde hai algúns meses a perda de funcións así como a baixada de chamadas foron





REGISTRADO
BNG-1704041712
0451000

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 48556
Data envío: 02/04/2019 18:46:01.653

levantando as alertas por parte dos e das traballadoras. De feito, esta era unha cuestión que reiteradamente puxeron de manifesto a representación legal dos e das traballadoras e sobre a que remitiron sucesivos escritos e peticións de información á dirección da empresa. Nunha das máis recentes, o pasado 14 de marzo, a empresa respondía ao Comité que se ben se confirmaba unha nova plataforma en Reus, esta xestionaría chamadas de Naturgy libre mercado desde o 1 de abril por esixencia do cliente, pero non chamadas de GNSUR.

Porén, a realidade é que no día a día do traballo as e os traballadores ven na aplicación informática como existen tipificacións (é dicir, rexistros de operacións levadas a cabo por outros traballadores e traballadoras) procedentes tanto de Reus como de Colombia. Polo tanto, resulta cada vez máis evidente que malia a opacidade de Unitono está a haber un baleirado da carga de traballo. Así mesmo, a demora no pacto de cuestións comprometidas como a posta en marcha dun mecanismo de incentivos e outras decisións respecto das formacións internas da empresa fan sospeitar que a plataforma ourensá periga e as e os traballadores veñen de iniciar paros e mobilizacións para defender a súa permanencia e os postos de traballo.

Cómpre recordar que xa no ano 2013 esta plataforma de Unitono atravesou por unha situación complicada que culminou un ERTE despois do que, grazas ao sobreesforzo do cadro de persoal, a empresa continuou a súa actividade.

Esta situación é de extrema gravidade xa que estamos a falar fundamentalmente da comarca de Ourense e dos seus arredores, con graves problemas laborais e de fixación de poboación que se verían agravados de deslocalizarse ou minorarse a actividade desta empresa, agravando o deterioro do sector servizos.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 48556
 Data envío: 02/04/2019 18:46:01.653



BNG
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Así mesmo, cómpre recordar que falamos de que o cliente exclusivo desta plataforma é unha empresa eléctrica, orixinalmente con vínculos galegos, e que se lucra grazas á explotación dos nosos recursos naturais, cun importante impacto en Ourense. Polo tanto, é esixíbel que unha das compensacións sexa a través do mantemento dos postos de traballo derivados no noso país, cando menos nunha parte. Porén, co paso dos anos a destrución do emprego é constatábel ao tempo que se promoven plataformas noutros puntos de Europa ou América.


Finalmente, cómpre lembrar que tal e como teñen demandado forzas sindicais e asociacións en defensa da lingua, esta deslocalización impediría pola vía dos feitos unha vía de atención en lingua galega minorando os dereitos das e dos galegos e perdendo unha oportunidade de fixación de emprego con base a este dereito.

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego considera que unha eventual deslocalización desta empresa sería especialmente grave e o goberno galego debe impulsar actuacións contundentes que favorezan a súa permanencia en Ourense.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a: realizar as seguintes actuacións:

1. Realizar as xestións oportunas co fin de determinar as razóns das intencións de deslocalización e a situación da empresa en Ourense e poñer a disposición os





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 03/04/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 48556
 Data envío: 02/04/2019 18:46:01.653

recursos da xunta de Galiza coa finalidade de manter a actividade da empresa Unitono na súa plataforma situada no Parque Tecnolóxico de Ourense.

2. Realizar xestións con Gas Natural Fenosa-Naturgy a fin de esixir que garanta a carga de traballo necesaria para o mantemento da empresa Unitono en Ourense e dos postos de traballo actualmente existentes, tomando todas as medidas de presión necesarias.


3. Constituír unha mesa de traballo plural na que se garanta a representación do Comité de Empresa, coa finalidade de desenvolver a colaboración para as actuacións necesarias para asegurar a carga de traballo necesaria para manter a actividade e os postos de traballo, evitando deste xeito a súa deslocalización.

4. Demandar da compañía eléctrica a garantía do dereito das e dos galegos a seren atendidos en galego pola empresa prestadora do servizo de atención telefónica e contribuír asemade ao mantemento do emprego en Galiza no sector dos centros de chamadas.

5. Presentar no actual período de sesións un estudo onde se analice a situación do sector dos centros de chamadas así como as necesidades para garantir a súa viabilidade, o seu futuro e o emprego en Galiza.”

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Montserrat Prado Cores





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 03/04/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 48556
 Data envío: 02/04/2019 18:46:01.653



REGISTRADO
 884370441719
 9451000
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/04/2019 18:17:47

María Montserrat Prado Cores na data 02/04/2019 18:17:52

Ana Pontón Mondelo na data 02/04/2019 18:17:53

Xosé Luis Rivas Cruz na data 02/04/2019 18:17:55

Olalla Rodil Fernández na data 02/04/2019 18:17:56

Xosé Luis Bará Torres na data 02/04/2019 18:17:57





(0049453) Emendas dos Grupos Parlamentarios



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 26/04/2019 13:42:33
Nº Rexistro: 49453
 Data envío: 26/04/2019 13:42:33.993

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da deputada **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en **Pleno** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posible deslocalización da empresa Unitono en Ourense, que presta servizos para Naturgy (10/PNP-003668, doc. núm. 48556)

Emenda de adición

Débese engadir na parte resolutiva da proposición non de lei o seguinte parágrafo que quedará redactado co seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incluír durante esta lexislatura, como requisitos imprescindibles na contratación de todos os servizos da administración autonómica, que no caso de que ditas empresas dispoñan de servizos de chamadas (proprios ou contratados), estes se presten dende a nosa comunidade autónoma tanto no momento da adxudicación coma mentres dure o contrato, así como que en todo caso dispoñan de atención telefónica en galego.

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
 Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
 Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
 Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: REXISTRO/mzo/vbzq7
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/hamtes/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2019 13:42:33
Nº Rexistro: 49453
Data envío: 26/04/2019 13:42:33.993

Noela Blanco Rodríguez na data 26/04/2019 13:22:51

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/04/2019 13:22:57

CSV: REXISTROYmZoV6zq7
Verificación:
<https://rede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

(0049459) Emendas dos Grupos Parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2019 17:01:26
Nº Rexistro: 49459
Data envío: 26/04/2019 17:01:26.978

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada **Marta Nóvoa Iglesias**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Pleno** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, **10/PNP-003668 (48556)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posible deslocalización da empresa Unitono en Ourense, que presta servizos para Naturgy.

Emenda de substitución

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego ás seguintes actuacións:

1. Realizar as xestións oportunas co fin de determinar as razóns das intencións de deslocalización e a situación da empresa en Ourense e poñer a disposición a colaboración da Xunta de Galicia coa finalidade de manter a actividade da empresa Unitono na súa plataforma situada no Parque Tecnolóxico de Ourense.
2. Realizar xestións con Gas Natural Fenosa-Naturgy a fin de esixir que garanta a carga de traballo necesaria para o mantemento da empresa Unitono en Ourense e dos postos de traballo actualmente existentes.
3. Constituír unha mesa de traballo plural na que se garanta a representación do Comité de Empresa, coa finalidade de desenvolver a colaboración para as actuacións necesarias para asegurar a carga de traballo necesaria para manter a actividade e os postos de traballo, evitando deste xeito a súa deslocalización.
4. Presentar no actual período de sesións un estudo onde se analice a situación do sector dos centros de chamadas así como as necesidades para garantir a súa viabilidade, o seu futuro e o emprego en Galicia.”

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/04/2019 16:59:34

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV REXISTROS: 0049459
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramas/csv/





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2019 17:01:26
Nº Rexistro: 49459
Data envío: 26/04/2019 17:01:26.978

Marta Novoa Iglesias na data 26/04/2019 17:01:00

CSV: REXISTROS6p4RIV0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

2.6 10/PNP-003698 (0048944)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa pena imposta na Audiencia Provincial da Coruña a un veciño de Lira (Carnota) por un incidente cun furtivo da comarca

(0048944) Entrada da iniciativa



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 48944
Data envío: 09/04/2019 19:38:35.333

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luís Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á petición de indulta ao Goberno español para o veciño de Carnota Manuel Antonio Martínez Lustres.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Manuel Antonio Martínez Lustres, Manuel de Talelo, é un veciño de Lira (Carnota) que se enfronta ao momento máis delicado da súa vida tras ser condenado a 3 anos de prisión tras un incidente cun furtivo da bisbarra.

O grupo de furtivos implicado no altercado con Manuel acumula unha serie de conflitos e causas polo espolio dos recursos pesqueiros e marisqueiros da Costa da Morte e o Barbanza, e tamén por episodios de violencia derivados desta e doutras actividades ilícitas.

Despois da decisión da Xunta de retirar o financiamento do servizo de vixilancia da Reserva Mariña dos Miñarzos (Lira), o furtivismo comezou a operar na área tras anos controlado, e moi particularmente, o grupo implicado neste incidente, que se caracteriza por ser moi perigoso e estar ben preparado. Tras unha das súas incursións ilegais para faenar na reserva en 2013, sendo de madrugada e aproveitando a ausencia de vixilancia, foron confrontados polo colectivo de





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 48944
 Data envío: 09/04/2019 19:38:35.333



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

percebeiros profesionais que faenan legalmente na localidade, entre os que se atopaba o seu presidente, Manuel Antonio Martínez Lustres, coa intención de expulsalos da reserva.

Esa mesma noite o grupo de furtivos presentouse no domicilio de Manuel, ante o que causaron fortes disturbios. Ao non lograr o seu obxectivo de confrontalo, retornaron a Lira días despois, localizando a Manuel na súa caseta, onde si o lograrían confrontar para ameazalo e intimidalo.

Vendo ameazada a súa integridade, Manuel, perfectamente integrado na sociedade e sen ningún antecedente previo, defendeuse co único que tiña a man (un apeiro de marisqueo) dunha agresión máis que segura, ferindo a un dos atacantes cando o trataban de acurralar na súa propia caseta, e ocasionándolle lesións das que o furtivo tardou varios meses en recuperarse.

Manuel fíxose cargo do custe da asistencia sanitaria que o ferido precisou, resarcindo en gran medida o posíbel prexuízo económico que lle puido causar. Porén, o proceso xudicial seguido ante a Audiencia Provincial da Coruña rematou cunha sentenza condenatoria a tres anos de cadea, ratificada no TSXG e actualmente en trámite de execución, polo que o ingreso de Manuel na cadea é inminente.

Considerando que as razóns da conduta de Manuel así como as súas circunstancias persoais e familiares fican plenamente acreditadas, o seu ingreso na cadea non fai senón causarlle un terríbel prexuízo persoal e familiar; porén non ocasiona ningún resarcimento ou ben a ninguén.

Isto motivou que a veciñanza de Lira, de Carnota e da bisbarra reaccionase axiña contra a inxustiza de que un dos seus veciños deba entrar na cadea polo feito





REGISTRO
R01702MAG1112
04/2019

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 48944
Data envío: 09/04/2019 19:38:35.333

de defender o seu medio de sustento e a súa vida do furtivismo que opera impunemente na zona.

Nun incidente ante o que non cabería agardar outra reacción que a defensa propia ante as ameazas e intimidacións dun grupo de persoas completamente afeitas a andar en leas, que non amosan ningún tipo de escrúpulo nin tampouco asumen ningunha responsabilidade polos seus actos.

Por outra parte Manuel non deixa de ser unha vítima das políticas de recorte que deixaron desprotexida un dos espazos de cría de peixe e marisco máis sensíbeis da costa galega, obrigando a que os propios profesionais se deban ocupar da súa vixilancia e protección de xeito completamente precario, e logo dos desaprensivos que apuran a aproveitarse desa desatención para faenar ilícitamente.

Esta situación suscitou unha masiva resposta de apoio do seu pobo, mesmo coa convocatoria dunha Concentración de apoio no porto de Lira. Tamén a corporación municipal do Concello de Carnota, vén de aprobar unha iniciativa por unanimidade de apoio e a posta en marcha a solicitude de concesión discrecional de indulto dirixida ao Consello de Ministros, e que xa foi secundada pola maioría das entidades sociais, culturais e profesionais do municipio.

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a solicitar ao Consello de Ministros do Goberno español a concesión discrecional de INDULTO para Manuel





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 48944
 Data envío: 09/04/2019 19:38:35.333



REGISTRADO
 BNG-170424112
 04/10/09
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Antonio Martínez Lustres en relación á pena que se lle impuxo en autos de Procedemento Abreviado nº 121/2016 seguidos ante a Ilma. Audiencia Provincial da Coruña Secc. nº 1, na actualidade en trámite de Executoria co nº 18/2019.”

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 09/04/2019 19:36:57

Ana Pontón Mondelo na data 09/04/2019 19:37:02

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/04/2019 19:37:03

CSV: REXISTROXERALG9
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 48944
Data envío: 09/04/2019 19:38:35.333

Olalla Rodil Fernández na data 09/04/2019 19:37:09

Noa Presas Bergantiños na data 09/04/2019 19:37:10

Xosé Luis Bará Torres na data 09/04/2019 19:37:12





(0049464) Emendas dos Grupos Parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2019 18:19:18
Nº Rexistro: 49464
Data envío: 26/04/2019 18:19:18.534

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada **Soraya Salorio Porral**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Pleno** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, **10/PNP-003698 (48944)**, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa pena imposta na Audiencia Provincial da Coruña a un veciño de Lira (Carnota) por un incidente cun furtivo da comarca.

Emenda de substitución

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia solicita ao goberno Galego que:

1. Apoie o requirimento de conmutación da pena e demande ao Goberno central o outorgamento de indulto para para D. Manuel Martínez Lustres, ou cando menos que lle exima de entrar en prisión.
2. Unha vez acadada a tipificación como delito de condutas relacionadas co furtivismo, plasmado na reforma do artigo 335 do Código Penal, instar ao goberno Central que aplique con maior rigorosidade a norma, que impida que se dean casos graves de furtivismo e frean a posibilidade de que xurdan situacións como a vivida en Lira.”

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/04/2019 18:18:54

María Soraya Salorio Porral na data 26/04/2019 18:18:58

CSV REXISTROUP/Bénzo
Verificación
https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramos/csv/



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

2.7 10/PNP-003699 (0048955)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Teresa Egerique Mosquera
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Ángeles García Míguez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Alberto Pazos Couñago
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Martín Fernández Prado
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jaime Castiñeira Broz
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Rodríguez Arias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Soraya Salorio Porral
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Nóvoa Iglesias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Julia Rodríguez Barreira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Gonzalo Trenor López
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Paula Prado del Río
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Ángel Tellado Filgueira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Guadalupe Murillo Solís
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Daniel Vega Pérez

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa tramitación dunha modificación do Regulamento xeral de costas referida aos prazos das concesións de ocupación do dominio público marítimo-terrestre. (Procedemento de urxencia)



(0048955) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 11:08:51
Nº Rexistro: 48955
Data envío: 10/04/2019 11:08:51.005

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Paula Prado del Río, Miguel Tellado Filgueira, Guadalupe Murillo Solís e Daniel Vega Pérez** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de coñecer canto antes a posición sobre un tema tan importante para a nosa comunidade.

Exposición de Motivos:

Nos últimos días tívose coñecemento de que o Goberno central está tramitando unha modificación urxente do Regulamento xeral de costas relativa aos prazos das concesións de ocupación do dominio público marítimo-terrestre. Un trámite que deixa en situación de perigo e inseguridade xurídica a empresas e equipamentos públicos de Galicia que na actualidade se sitúan esta zona.

Esta decisión do Goberno central parece ter como obxectivo intentar "vestir" e xustificar decisións que foron en contra da normativa de Costas vixente, como a tomada nas últimas semanas de allanarse nos procedementos abertos en relación á prórroga de Ence.

Pero o cambio do regulamento xeral de Costas non só afecta á pasteira situada en Lourizán, senón que pon en perigo a moitas outras empresas que operan na nosa comunidade, como son as conserveiras, industrias, e tamén a equipamentos públicos, como centros educativos e de saúde ou depuradoras. Unha medida que xeraría, ademais, importantes impactos económicos.

Concretamente, a redacción que se incorporaría á modificación do regulamento de costas, afectaría a moitas empresas de cultivos mariños, transformación e auxiliares de ambas no proceso, como é o caso das depuradoras, cocedoiros, etc, que requiren conexión directa á auga do mar e, por tanto, as tubaxes ocupan espazo no DPMT.

CSV: REXISTROXTVces\4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramos/csv/



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 11:08:51
Nº Rexistro: 48955
Data envío: 10/04/2019 11:08:51.005

Estamos a falar de máis de cen instalacións, entre elas 60 depuradoras de moluscos, cinco instalacións de cocedoiros de moluscos, 26 plantas de acuicultura para cría de moluscos e peixes, e unha importante cifra de conserveiras.

Esta decisión tamén afecta a grandes industrias que operan na nosa comunidade, e que cumpren estritamente as esixencias medioambientais, e pon en perigo a equipamentos e servizos públicos situados a día de hoxe en zona de DPMT ou que someten a súa actividade a ela. O que podería complicar sobremaneira a súa prestación, facéndoo inasumibles para as administracións, especialmente para os concellos.

Dende logo, este grupo parlamentario súmase ao que a Xunta de Galicia ten manifestado, a necesidade de garantir ao máximo o principio de seguridade xurídica, de maneira que os distintos operadores afectados non queden ao chou dos sucesivos cambios de criterio que poidan producirse, senón que, desde o primeiro momento, teñan un escenario claro e preciso no que desenvolver a súa actividade.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte **proposición non de lei en pleno polo trámite de urxencia:**

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado o seguinte:

-Que se dea traslado á Xunta dun informe exhaustivo sobre todas as concesións que se verían afectadas pola modificación do regulamento de Costas. En concreto, de todas aquelas que xa non poderían ser obxecto de prórroga algunha.

-Que de tramitarse unha modificación do regulamento de Costas se adapte á lei que lle sirve de cobertura e, polo tanto, que se retire na súa redacción actual por non axustarse a dita normativa.

-E que na nova tramitación que se acometa se dea un prazo axustado de alegacións para que toda a cidadanía e sectores afectados poidan ter coñecemento da modificación e facer as alegacións oportunas”.

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTROXTVoeelVe4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 11:08:51
Nº Rexistro: 48955
Data envío: 10/04/2019 11:08:51.005

Pedro Puy Fraga na data 10/04/2019 11:01:10

Teresa Egerique Mosquera na data 10/04/2019 11:01:25

María Ángeles Garcia Míguez na data 10/04/2019 11:01:37

Alberto Pazos Couñago na data 10/04/2019 11:01:44

Martín Fernández Prado na data 10/04/2019 11:01:56

Jaime Castiñeira Broz na data 10/04/2019 11:02:07

Marta Rodríguez Arias na data 10/04/2019 11:02:15

María Soraya Salorio Porral na data 10/04/2019 11:02:30

Marta Novoa Iglesias na data 10/04/2019 11:02:38

María Julia Rodríguez Barreira na data 10/04/2019 11:02:51

Gonzalo Trenor López na data 10/04/2019 11:03:02

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 10/04/2019 11:03:18

Paula Prado Del Río na data 10/04/2019 11:03:32

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 10/04/2019 11:03:50

María Guadalupe Murillo Solís na data 10/04/2019 11:04:15

Daniel Vega Pérez na data 10/04/2019 11:04:25

CSV: REXISTROXRTVoeelVe4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



(0049461) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Vilán Lorenzo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa tramitación dunha modificación do Regulamento xeral de costas referida aos prazos das concesións de ocupación do dominio público marítimo-terrestre (doc. núm. 48955).

Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:


O Parlamento de Galicia insta o Goberno da Xunta de Galicia a que demande do Goberno central que o procedemento de reforma do Regulamento xeral de costas (RD 876/2014, do 10 de outubro) se desenvolva con escrupuloso respecto aos principios de legalidade, de xerarquía normativa consagrado no artigo 9.3 da Constitución española de 1978, e de transparencia na información relativa ao dito procedemento de reforma e coa participación de toda a cidadanía, sectores afectados e institucións, sometendo de novo a consulta pública o borrador de regulamento á vista das alegacións recibidas.

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/04/2019 17:08:23

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/04/2019 17:08:31



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

2.8 10/PNP-003716 (0049151)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Ángel Tellado Filgueira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Manuel Rey Varela
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Diego Calvo Pouso
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Ángeles Antón Vilasánchez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Moisés Blanco Paradelo
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Moisés Rodríguez Pérez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Nóvoa Iglesias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Cristina Isabel Romero Fernández
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Sandra Vázquez Domínguez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Martín Fernández Prado
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Aurelio Alfonso Núñez Centeno
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Paula Prado del Río
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jesús Miguel Prado Patiño
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Soraya Salorio Porral

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da solicitude do Goberno galego ao Goberno central dunha resposta inmediata á proposta para a implantación do Estaleiro 4.0 de Navantia Ferrol vinculado ao programa de construción de cinco fragatas F-110. (Procedemento de urxencia)

(0049151) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2019 12:56:22
Nº Rexistro: 49151
Data envío: 15/04/2019 12:56:22.906

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Tellado Filgueira, José Manuel Rey Varela, Diego Calvo Pouso, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, Sandra Vázquez Domínguez, Martín Fernández Prado, Aurelio Núñez Centeno, Paula Prado del Río, Miguel Prado Patiño e Soraya Salorio Porral**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

A sociedade pública de construción naval Navantia marcou, en 2014, como un dos seus obxectivos estratéxicos definir un modelo de estaleiro moderno e sustentable, tomando como referencia os estándares e as prácticas dos estaleiros máis destacados do mundo nos sectores civil e militar.

Con este propósito, presentou unha iniciativa orientada a reforzar a súa competitividade e a estabilizar o seu liderado mediante a incorporación de alta tecnoloxía e a diferenciación respecto a outros subministradores de produtos e servizos. Procuraba ademais potenciar novas liñas de actuación para a diversificación das súas vendas cara outros segmentos de mercado, como a eólica mariña, que posúe unha importancia estratéxica para a economía da Comunidade.

Neste contexto, precisamente, o proxecto *Implantación do estaleiro 4.0 en Navantia Ferrol* busca impulsar a modernización das instalacións e o aumento da eficiencia dos procesos produtivos da factoría actual, con operacións máis robotizadas, con sistemas de control máis dixitalizados e con produtos máis estandarización, que repercutan tanto

CSV: REXISTRObweJb3f9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramtes/csv/



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2019 12:56:22
Nº Rexistro: 49151
Data envío: 15/04/2019 12:56:22.906

na redución de custos e de prazos, como na mellora da calidade. Estes investimentos serían tamén o fundamento para garantir a competitividade do estaleiro para competir en novas licitacións e contratos internacionais a futuro.

A política de apoio integral ao sector naval desenvolvida pola Xunta, en estreita colaboración cos distintos estaleiros, a industria auxiliar, outras institucións e, por suposto, cos traballadores, motivou un apoio decidido a este proxecto ao abeiro da Axenda Industria 4.0 de Galicia.

Así, un dos piares nos que se fundamenta o proxecto do Estaleiro 4.0 de Navantia Ferrol son dúas unidades mixtas de investigación que reciben axudas da Axencia Galega de Innovación, Gain, para innovar no proceso produtivo mirando ao futuro.

A primeira destas unidades desenvólvese en colaboración coa Universidade da Coruña e atópase xa na fase de consolidación, sendo as súas liñas principais de traballo a optimización dos procesos de deseño e construción, o incremento do grao de automatización e robotización e a mellora da coordinación entre os estaleiros coa industria auxiliar. A esta súmase outra unidade en colaboración co centro tecnolóxico Aimen para desenvolver liñas de I+D+i complementarias.

Son, polo tanto, máis de 7 millóns de euros os que se están a investir na modernización do estaleiro ferrolán grazas ao impulso da Administración galega para lograr atraer novos contratos.

Pero tamén son necesarios investimentos en infraestruturas para compactar as distintas áreas de traballo e mellorar as capacidades de nova construción e reparacións.

CSV: REXISTRObweub3F9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2019 12:56:22
Nº Rexistro: 49151
Data envío: 15/04/2019 12:56:22.906

Polo tanto, resulta imprescindible que o Goberno do Estado axilice a tramitación administrativa deste proxecto e o dote con orzamento suficiente para levar a cabo os investimentos.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia apoia á Xunta de Galicia na súa petición ao Goberno de España dunha resposta inmediata á proposta consensuada para a implantación do estaleiro 4.0 en Ferrol -vinculado ao programa de construción de cinco fragatas F110-, que suporá xeración dun número relevante de empregos e situará a Navantia na vangarda tecnolóxica do sector naval”.

Santiago de Compostela, 15 abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 15/04/2019 12:53:15

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/04/2019 12:53:26

José Manuel Rey Varela na data 15/04/2019 12:53:35

Diego Calvo Pouso na data 15/04/2019 12:53:41

Maria Antón Vilasánchez na data 15/04/2019 12:53:49

Moisés Blanco Paradelo na data 15/04/2019 12:53:58

Moisés Rodríguez Pérez na data 15/04/2019 12:54:04

Marta Novoa Iglesias na data 15/04/2019 12:54:10

Cristina Isabel Romero Fernández na data 15/04/2019 12:54:17

CSV: REXISTRObweub3f9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2019 12:56:22
Nº Rexistro: 49151
Data envío: 15/04/2019 12:56:22.906

Sandra Vázquez Domínguez na data 15/04/2019 12:54:26

Martín Fernández Prado na data 15/04/2019 12:54:34

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 15/04/2019 12:54:45

Paula Prado Del Río na data 15/04/2019 12:54:57

Jesús Miguel Prado Patiño na data 15/04/2019 12:55:04

María Soraya Salorio Porral na data 15/04/2019 12:55:18

CSV: REXISTRObweub3f9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

(0049460) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da solicitude do Goberno galego ao Goberno central dunha resposta inmediata á proposta para a implantación do Estaleiro 4.0 de Navantia Ferrol vinculado ao programa de construción de cinco fragatas F-110 (doc. núm. 49151).

Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo parágrafo que terá o seguinte contido:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que no ámbito das súas competencias e en colaboración con Navantia desenvolva un plan dotado co orzamento necesario e un calendario con datas concretas, para:

- a) Promover a formación de nova incorporación ao Asteleiro; así como a formación FP dual.
- b) Promover a coordinación entre a empresa principal e as empresas auxiliares para os plans formativos.
- c) Desenvolvemento do Centro de Innovación e Servizos (CIS A Cabana, Ferrol) asociado ao naval.

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 26/04/2019 16:56:34

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/04/2019 16:56:45

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



(0049467) Emendas dos Grupos Parlamentarios



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2019 10:02:12
Nº Rexistro: 49467
Data envío: 29/04/2019 10:02:12.318

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **49151 [10/PNP-003716]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da solicitude do Goberno galego ao Goberno central dunha resposta inmediata á proposta para a implantación do Estaleiro 4.0 de Navantia Ferrol vinculado ao programa de construción de cinco fragatas F-110, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 29 de abril de 2019.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a:

1. Dar cumprimento ao punto 1 do artigo 4º da Lei do sector naval de Galiza, que establece que “a Xunta de Galicia negociará co Estado a súa participación na xestión das empresas públicas estatais integradas no sector naval de Galicia que, pola súa natureza, non poidan ser obxecto de traspaso” para poñer fin á falta de información, coordinación e impulso ao naval galego e comprometerse de forma activa coa busca de carga de traballo suficiente para a ría de Ferrol que permita incrementar a actividade produtiva e o fomento do emprego de calidade.

2. Comprometerse nas negociacións activas para dotar de carga de traballo aos asteiros de Ferrol e evitar a previsible parada de produción e despedimentos dos anos que decorrerán entre a entrega das fragatas australianas e o inicio da construción das españolas.

3. Dirixirse ao goberno central para demandar:





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2019 10:02:12
Nº Rexistro: 49467
 Data envío: 29/04/2019 10:02:12.318



REGISTRO
 0034981551420
 0034981551421
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

a) un meirande compromiso coa diversificación industrial na comarca de Ferrol, desenvolvendo un programa e calendario de recuperación do mercado naval civil.

b) que pare de desviar produción para o sur do Estado ao tempo que os estaleiros da ría de Ferrol están próximos a entrar nunha parálise da produción e se comprometa en dotar de carga de traballo para evitar unha crise entre a entrega das fragatas australianas e o inicio da construción das españolas.

c) que investigue as causas da demora no encargo da construción das Fragatas F110, remitindo toda a información oportuna á Xunta de Galiza e dando traslado á fiscalía anticorrupción para o estudo das posíbeis accións que teñan sido constitutivas de delito.

d) o compromiso nos vindeiros exercicios orzamentarios das contías suficientes para a implantación do estaleiro 4.0 en Ferrol, axilizando ao máximo os seus prazos para garantir que se situará a Navantia na vangarda tecnolóxica do sector naval. Para isto, deberá comprometerse un incremento considerábel dos fondos e da porcentaxe do PIB.”

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: REXISTRO49467
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





REGISTRO
DE DOCUMENTOS
PARLAMENTARIOS

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REGISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 29/04/2019 10:02:12

Nº Rexistro: 49467

Data envío: 29/04/2019 10:02:12.318

Noa Presas Bergantiños na data 29/04/2019 10:01:09

Ana Pontón Mondelo na data 29/04/2019 10:01:14

CSV: REXISTRO49467
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



